



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA
SECCIÓN DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL, COOPERACIÓN E MEDIO AMBIENTE

Expte: 2023000004554

Ref: DP0036/2023

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA NÚMERO 2023/12790 DO 28 DE MARZO DE 2023 POLA QUE SE APROBARON AS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DP0036 DE AXUDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE INVESTIMENTOS NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE- AÑO 2023

DON VALENTÍN GONZALEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Logo de ver que na Resolución de Presidencia número 2023/12790 de data 28 de marzo de 2023, pola que se aprobaron as bases reguladoras do programa DP0036 de axudas a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de investimentos no ámbito do medio ambiente – ano 2023, produciuse un erro material relativo ao importe mínimo da subvención que se vai conceder que figura nos datos do programa,

RESOLVO:

Modificar o apartado relativo ao importe mínimo da subvención que se vai conceder que figura no cadro dos “Datos do programa”, no sentido seguinte:

Onde di:

Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo:	5.000,00 €
	Máximo:	25.000,00 €

Debe dicir:

Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo:	1.000,00 €
	Máximo:	25.000,00 €

Polo tanto, o texto definitivo da Resolución será o seguinte:

“Visto que, mediante Resolución desta Presidencia número 24474, de 16 de xullo de 2019 delegouse con carácter xeral na Xunta de Goberno a competencia para a aprobación das bases reguladoras de subvencións.

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do Programa DP0036 de axudas a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de investimentos no ámbito do medio ambiente - ano 2023.

Vistos os informes do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, Secretaría Xeral e Servizo de Fiscalización e Control Financeiro.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por esta Presidencia mediante Resolución número 24474 de 16 de xullo de 2019 na Xunta de Goberno, coma excepción e considerando a urxencia na publicación da convocatoria ao inicio do exercicio 2023.

Segundo.- Aprobar as bases reguladoras do Programa DP0036 de axudas a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de investimentos no ámbito do medio ambiente - ano 2023, que se transcriben de seguido:

**BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO
PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE INVESTIMENTOS NO ÁMBITO DO
MEDIO AMBIENTE – ANO 2023**

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
Sección	Sección de Desenvolvemento Territorial, Coop. e Medio Ambiente
Anualidade	2023
Denominación	Programa de axudas a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de investimentos no ámbito do medio ambiente
Beneficiarios	Entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña
Programa	DP0036
Aplicación orzamentaria	0520/17221/781
Importe da convocatoria	100.000,00 €
Importe do orzamento de gastos	Sen límite
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo: 1.000,00 € Máximo: 25.000,00 €
Importe solicitado	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionables
Coeficiente de financiamento	0,80

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación nº 48073 do 16 de novembro de 2022 e publicadas no [BOP nº 224 do 25 de novembro de 2022](#).

2.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1 .Liñas xerais e réxime xurídico específico

1.1.- Liñas xerais

A Constitución Española, no seu artigo 45, fai referencia á protección do medio ambiente e encomenda aos poderes públicos velar pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

A Lei 5/1997 de Administración local de Galicia indica no seu artigo 80.2, que entre as competencias propias dos municipios poderá exercerse, entre outras, a protección do medio ambiente. Pola súa parte, o artigo 86.1, referíndose ás actividades complementarias doutras administracións públicas, indica que os municipios poderán exercer actividades complementarias das propias doutras Administracións Públicas e, en particular, relativa a protección do medio ambiente.

A Deputación Provincial de A Coruña ten atribuída entre as súas competencias, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, particularmente no eido do medio ambiente.

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible representa o compromiso internacional para facer fronte aos retos sociais, económicos e medioambientais da globalización, situando no centro ás persoas, o planeta, a prosperidade e a paz. A Axenda 2030 formula 17 obxectivos con 169 metas nas esferas económica, social e ambiental aplicándose por igual tanto a países desenvolvidos como en vías de desenvolvemento abordando a pobreza, a desigualdade e a degradación do planeta.

A protección do medio ambiente constitúe un dos pilares desta Axenda 2030 e se establece como un fin transversal presente na maioría dos obxectivos.

Para conseguir os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 é fundamental a participación activa das administracións locais a través de políticas públicas concretas e tanxibles e lograr a implicación do resto de actores e da propia cidadanía.

Tanto as Nacións Unidas como a Comisión Europea recoñecen o papel imprescindible que xogan os gobernos locais para conseguir os ditos obxectivos. Ese recoñecemento tamén se recolle no Sistema reforzado para a Gobernanza da Axenda 2030, no Plan de Acción para a Implementación da Axenda 2030 e na Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2030.

A Deputación Provincial da Coruña ven prestando anualmente apoio ás asociacións ambientais, esencialmente as que teñen a súa sede ou delegación na provincia da Coruña, no financiamento de proxectos no ámbito do medio ambiente que contemplen no seu deseño e execución as prioridades definidas nas leis de protección ambiental, principalmente a Lei galega 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e na Lei estatal 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio natural e a biodiversidade.

1.2.- Réxime xurídico específico

- Lei galega 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia
- Lei estatal 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade
- Lei 26/2015, do 28 de xuño, de modificación dos sistema de protección da infancia e da adolescencia.

Base 2.- Financiamento

Estas axudas fináncianse con cargo ao Orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2023 na aplicación orzamentaria 0520/17221/781 por un importe de 100.000,00 €. Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria no caso de existir crédito adecuado e suficiente.

Base 3.- Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións por parte da Deputación da Coruña, en réxime de concorrencia competitiva, para financiar proxectos de investimentos que se desenvolvan na provincia da Coruña no ámbito do medio ambiente, se realicen en 2023 por parte de entidades privadas sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia, ou que o seu fin primordial sexa a conservación, promoción e/ou a defensa dos recursos naturais e do medio ambiente.

Os proxectos que desenvolvan ditas entidades deberán contemplar no seu deseño e execución as prioridades definidas nas leis de protección ambiental, principalmente a Lei galega 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e na Lei estatal 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e a biodiversidade.

Entre as finalidades obxecto do presente programa de axudas, as entidades solicitantes poderán optar por algunha das seguintes liñas:

- Voluntariado ambiental
- Difusión e sensibilización ambiental
- Conservación e protección do medio ambiente, e
- Outros proxectos: Terán cabida nesta liña a programación de actuacións relacionadas co cambio climático, sustentabilidade enerxética, desenvolvemento de políticas e estratexias ambientais, posta en valor de recursos naturais ou aquelas que en xeral promovan a participación social no compromiso co medio ambiente.

Base 4.- Destinatarios/as e requisitos

Poderán participar na convocatoria as entidades sen ánimo de lucro **de carácter medioambiental da provincia da Coruña**, en concreto as asociacións, fundacións e federacións que teñan como fin primordial o estudo, a conservación, a promoción e/ou defensa dos recursos naturais e do medio ambiente e que o seu ámbito de actuación estea comprendido na provincia da Coruña.

Estas entidades terán que estar legalmente constituídas, cunha **antigüedade mínima de dous anos** anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e terán que figurar **inscritas** no rexistro administrativo creado polo Decreto 226/2007, do 22 de novembro, polo que se crea o **Rexistro de entidades de carácter medioambiental da Comunidade Autónoma de Galicia** ou que o seu fin primordial sexa o estudo, a conservación, a promoción e/ou defensa dos recursos naturais e do medio ambiente.

As entidades que soliciten a axuda para este programa poderán participar no Programa DP0031 de subvencións destinadas a entidades sen ánimo de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o 2023. Porén, a suma de ambas as dúas achegas, se fora o caso, non poderá exceder de 25.000,00 €, tendo que reducirse éstas proporcionalmente ou a elección da entidade beneficiaria.

Así mesmo, ademais dos previstos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP 150, do 10.08.2021) e na Lei Xeral de Subvencións, é requisito esixible ás entidades solicitantes, que deberá estar cumprido antes da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, **ter domicilio social ou oficina permanente na provincia da Coruña.**

Base 5.- Exclusiones

Non serán obxecto de subvención neste programa as seguintes actividades:

- Os investimentos promovidos por persoas ou entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Os investimentos promovidos por persoas ou entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

Base 6.- Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, aqueles gastos que resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do investimento subvencionado e que se atopen dentro dos seguintes códigos de concepto de gasto:

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PLAN XERAL DE CONTABILIDADE (*)
206	Aplicacións informáticas
210	Terreos e bens naturais
211	Construcións
213	Maquinaria
214	Ferramenta / Utillaxe
216	Mobiliario (material e equipos de oficina, coa excepción dos que deban figurar na conta 217).
217	Equipos para procesos de información (ordenadores e demais conxuntos electrónicos).
218	Elementos de transporte (vehículos, remolques, embarcacións: adquisición, adaptación, rotulación)
219	Outro inmovilizado material
623	Servizos profesionais independentes (honorarios topógrafos, notaría, rexistro da propiedade, ... vinculados á adquisición dos terreos)
(*) Resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se aproba o Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos.	

Consideracións respecto aos gastos subvencionables:

- Todos os gastos subvencionables deberán estar directamente relacionados co desenvolvemento do proxecto subvencionado.
- **Únicamente** serán obxecto de axuda os gastos de **carácter inventariable**, en ningún caso bens correntes.
- **Para a XUSTIFICACIÓN:**
 - **Na Relación clasificada dos Gastos:**
 - Para as **facturas:**
 1. **Teranse que achegar** as **facturas** ou documentos xustificativos correspondentes aos gastos efectivamente realizados.
 2. Terase que identificar ás persoas acreedoras (nome da empresa e NIF) e os tipos de documentos (nº de factura o documento equivalente, data completa de emisión, data de pago -cando proceda-, concepto claro e conciso do gasto, importe total da factura e o importe imputado ao proxecto) dos distintos conceptos de gastos subvencionables aprobados na solicitude.
 3. Cando a entidade ten obriga de presentar declaración do IVE (realiza as liquidacións de IVE oportunas) só se imputará a base impoñible da factura (importe sen IVE).
 4. Cando a entidade non teña a obriga de presentar a declaración do IVE, poderase imputar o importe total da factura (incluído o IVE).
 - **Se as obras execútanse por administración**, na certificación de obra concretarase exclusivamente o importe da execución material (non poderá incorporarse, polo tanto, nin gastos xerais, nin o beneficio industrial nin o imposto sobre o valor engadido); no entanto, poderá ser substituída ésta por facturas expedidas polos distintos provedores.
 - **Se as obras execútaas un contratista adxudicatario**, a certificación de obra poderá conter os gastos xerais, o beneficio industrial e o IVE.

Base 7.- Período subvencionable

Os investimentos obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023** (salvo os supostos de prórroga de execución previsto no parágrafo seguinte), con independencia de que o pago dos citados gastos se realice antes de que transcorra un mes contado a partir da percepción da subvención, no caso contrario, o dito gasto considerárase como non válido para efectos de xustificación da subvención. Non obstante, naqueles casos nos que os investimentos foran realizados ao final do período da convocatoria de subvencións, poderían admitirse os xustificantes (factura o documento equivalente) que foran expedidos ata o día **16 do mes de xaneiro de 2024**.

Excepcionalmente, e despois de petición razoada da entidade beneficiaria da subvención, na **certificación de gastos poderán incluírse gastos** realizados **con posterioridade ao 31 de decembro de 2023**, con **data límite do 30 de abril de 2024**. Esta **petición de prórroga** poderá presentarse **ata o 12 de decembro de 2023, ás 14:00 horas**.

Base 8.- Compatibilidade/incompatibilidade

As subvencións deste programa son **compatibles** con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea o de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga de comunicar á Deputación a súa obtención.

Base 9.- Concesión

O procedemento de concesión destas axudas será o de **concesión provisional/definitiva**, segundo o regulado nas bases xerais destas axudas.

9.1.- Reformulación das solicitudes

Cando o importe da subvención concedida sexa inferior ao importe solicitado, entenderase automaticamente reformulada a solicitude de subvención.

9.2.- Cambios de obxecto

Neste programa de subvencións non se admitirán cambios de obxecto.

Cando a subvención teña por obxecto a adquisición de terreos para levar a cabo proxectos de custodia do territorio, non se considerarán como cambio de obxecto as adquisicións de inmobles distintos dos previstos inicialmente, sempre que se trate de bens de similares características (parcelas de monte de alto valor ambiental que teñan como destino a conservación e mellora do patrimonio natural, cuxo precio medio por metro cadrado se axuste aos valores estimados na solicitude), se xustifique e comunique previamente o cambio á Deputación.

Base 10.- Criterios de valoración

Son criterios de baremación do programa os seguintes:

CRITERIOS			PTOS
RELATIVOS Á ENTIDADE SOLICITANTE	Sede central (10) ou oficina permanente (3) na Provincia da Coruña		10
	Anos de experiencia no sector: 2-4 anos: 4; 5-8: 7; 9 ou máis: 10		10
	Capacidade de xestión na provincia da Coruña no 2022: 1-2 empregados: 1; 3-4: 2; 5 o máis: 3		3
	Masa salarial dos empregados na provincia da Coruña no 2022: ata 7.500 €: 1; de 7.501-15.000 €: 2; máis de 15.000 €: 3		3
	Número de socios na provincia da Coruña (na data de presentación da solicitude): 25-30: 3; 31-40: 4; 41-50: 5; 51 ou máis: 6		6
	Persoal voluntario na provincia da Coruña (na data de presentación da solicitude): ata 15: 3; de 16-25: 4; de 26-40: 5; máis de 40: 6		6
RELATIVOS AO PROXECTO	Viabilidade e pertinencia do proxecto (*)	Grao de coñecemento do medio	6
		Diagnóstico e plan de acción (descripción dos investimemntos, resultados esperados, cronograma...)	10
		Incidencia social e enfoque de xénero	6
		Calidade e condicións nas que se desenvolvan os investimentos	6
		Que favoreza a información, formación e participación cidadá	6
	Beneficiarios directos na provincia da Coruña: até 10: 2; entre 11-30: 4; entre 31-50: 6; entre 51-70: 8; máis de 70: 10		10
	Beneficiarios indirectos na provincia da Coruña: ata 50: 1; entre 51-100: 2; máis de 100: 3		3
	Financiación propia: ata o 10 %: 6; entre o 10,01-30 %: 8; máis do 30 %: 10		10
	Participación en plataformas, rrss, foros...		2
	Emprego da lingua galega na redacción do proxecto		3

(*).- Os aspectos relativos á viabilidade e pertinencia do proxecto serán obxecto de valoración por unha comisión técnica designada por resolución da presidencia da Deputación da Coruña.

O importe da subvención estará comprendido entre os límites establecidos na convocatoria (de 1.000 € a 25.000 €), priorizando as solicitudes con maior puntuación, entre as que obteñan un mínimo de 30 puntos no apartado relativo á valoración do proxecto.

O importe concreto virá determinado polos puntos obtidos, que se corresponderán cunha porcentaxe sobre o importe solicitado, nunha escala que vai desde un mínimo de 30 puntos, ao que lle correspondería un 20 % da cantidade solicitada, ata 80 puntos, a partir do cal se asignaría o 100%.

Base 11.- Prazo de xustificación

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o **30.04.2024**, ás 14:00 horas, prorrogable a petición da entidade beneficiaria en consonancia co previsto no art. 25 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP nº 150, do 10.08.2021).

Base 12.- Pago

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade xa rexistrada na Deputación da Coruña. De non existir este rexistro previo, a entidade deberá achegar a correspondente certificación dos seus datos bancarios.

Base 13.- Publicidade

A publicidade do carácter público do financiamento levarase a cabo das seguintes formas:

- Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a **información** (impresa, informática, de redes sociais ou audiovisual) que fixeran das actividades subvencionadas.
- Faceren constar a colaboración co logotipo da deputación nas webs nas que participe a entidade, no caso de existir esta. O logotipo está dispoñible no seguinte enderezo: <https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos>
- Calquera **comunicación ou publicación** das accións desenvolvidas ou calquera información ou material de promoción (folletos, carteis ou presentacións en formato electrónico) deberán incluír o logotipo da deputación.

Coa conta xustificativa a entidade presentará proba documental (fotografías, informe gráfico, enlaces, etc) sobre o cumprimento destas obrigas.

Base 14.- Subcontratación

É obriga da entidade beneficiaria a execución do proxecto subvencionado, polo que non poderá subcontratar os proxectos ou actividades obxecto de subvención.

Base 15.- Operacións vinculadas

Considérase que existe vinculación coas persoas físicas e xurídicas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 68.2 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Inclúese como vinculación aos ex-socios, ex-administradores ou ex-membros da Xunta Directiva durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento, sen prexuízo de que as bases específicas recollan as adaptacións necesarias de acordo co obxecto da subvención.

No caso de que o solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade obxecto da subvención con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, segundo o disposto no artigo 29.7.d) da Lei xeral de subvencións, **deberá cumprir os seguintes requisitos:**

1. Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación, por resolución da Presidencia.

A solicitude de autorización deberá presentarse coa solicitude de subvención. No caso de non estar prevista a operación vinculada no momento da solicitude, poderá presentarse con carácter previo á contratación da prestación coa persoa vinculada.

2. Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.
3. Que a contratación de actividades e servizos con persoas vinculadas non supere o límite máximo do **40 por cento do importe do orzamento subvencionado para xustificar** sumando os importes de todos os contratos con persoas vinculadas.

A realización da actividade por persoas traballadoras contratadas polos propios beneficiarios/as non se considerará operación vinculada, sempre que os salarios devindicados se atean aos convenios colectivos en vigor.

No caso de servizos profesionais prestados polos socios baixo unha relación laboral non dependente que se xustifiquen mediante unha factura para a retribución dos seus servizos, considerarase operación vinculada.

3.- ANEXO DOCUMENTACIÓN

SOLICITUDE

DECLARACIÓN E COMPROMISOS DA SOLICITUDE (dispoñibles en Subtel e que requiren aceptación expresa da entidade solicitante)

- Declaración de que a entidade está legalmente constituída antes da presentación da solicitude e dispón dos estatutos adaptados á lei vixente. Asemade, o seu obxecto a faculta para a participación nesta convocatoria
- Declaración que a entidade cumpre coa obriga establecida na base 5.2 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña, segundo a redacción do texto consolidado publicado no BOP núm. 150, do 10.08.2021 (é unha asociación cun mínimo de 25 socios/as ou partícipes na data da presentación da solicitude), ou que non ten esta obriga por non ser unha asociación
- Declaración de non estar incursos nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública previstas no art. 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro
- Declaración de que a entidade está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública e coa Tesourería da Seguridade Social
- Autorización á Deputación para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordear os pagamentos das subvencións
- Declaración de coñecer a seguinte información en materia de protección de datos: Os datos facilitados serán tratados pola Deputación coa finalidade de tramitar o procedemento de subvención. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o cumprimento dunha misión de interese público. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. A Deputación conservará estes datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para calquera outra dúbida poderá dirixirse ao Delegado de Protección de datos da Deputación a través do seguinte correo electrónico: delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal
- Declaración de que a entidade utiliza a lingua galega na realización do proxecto e nos soportes informáticos e de difusión das actividades, no caso de que este se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas
- Declaración de que a entidade cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes nas bases reguladoras das convocatorias de subvenciones da Deputación Provincial da Coruña e nas bases específicas da presente convocatoria, e no caso de resultar beneficiario da subvención, comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requerido pola Deputación
- Declaración de que a entidade ten aprobadas as liquidacións ou contas do exercicio vencido.
- Compromiso de manter a adscrición dos investimentos aos fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de cinco anos, no caso de inmobles ou de dous anos en caso de bens inventariables.
- Compromiso, cando corresponda, a inscribir o ben no rexistro público correspondente, con indicación da subvención obtida e do período de adscrición do dito ben aos fins previstos.
- Compromiso, no caso de obras, a obtención das licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico artístico e do medio ambiente.
- Declaración, no caso de obras, que posúe a propiedade ou dereito real sobre o ben inmovible, ou no caso de arrendamento que o prazo de vixencia do mesmo é de cinco anos ou máis e ten autorización escrita do propietario para a realización das obras.
- Compromiso, no caso de solicitar axuda para unha obra que se desenvolva en fases, a que a fase para a que solicita a axuda sea susceptible de utilización independente, e declaración que a entidade conta co financiamento necesario para desenvolver as seguintes fases.
- Compromiso a incluír o logotipo da Deputación nos soportes de difusión das actividades subvencionadas e na páxina web da entidade, no caso de existir ésta.

SOLICITUDE	
DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE	
• Formulario de solicitude (Anexo I) <i>(Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma Subtel)</i> • Certificación acreditativa do acordo de solicitude, nomeamento de representante para as relación coa Deputación e, se fora o caso, das persoas asociadas <i>(Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma Subtel)</i> • Acreditación do requisito previsto no punto 4 das bases específicas (inscripción no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia ou que teñan entre os seus obxectivos estatutarios a defensa do medio ambiente) • Memoria explicativa dos investimentos ou proxecto que se vai realizar. Máximo 15 páxinas. A memoria explicativa terá que conter os seguintes apartados: a) Breve introdución do proxecto b) Identificación dos investimentos a realizar con obxectivos claros c) Viabilidade e pertinencia do proxecto: - c.1. Grao de coñecemento sobre o medio - c.2. Diagnóstico e plan de acción (descrición dos investimentos e resultados esperados) - c.3. Incidencia social e enfoque de xénero - c.4. Calidade e condicións nas que se desenvolvan os investimentos - c.5.. Que favoreza a información, formación e participación cidadá d) Localización do investimento programado. e) Cronograma de investimentos, que terá que encadrarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023. f) Memoria económica do proxecto, indicando e explicando os investimentos a realizar en cada un dos conceptos de gasto adaptados aos contidos no apartado 6 das bases específicas. <i>(Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma Subtel no que será obrigatorio cumprimentar de maneira clara e concisa todos os seus apartados)</i> • Memoria valorada e orzamento desglosado, no caso de obras, asinado por técnico competente, de ser legalmente necesario ou por tratarse de obras que afecten á estabilidade, seguridade e estanquidade da obra, requirirase a achega do proxecto técnico). • Valoración dos inmobles a adquirir subscrita por técnico competente. (No caso de adquisicións de terreos para proxectos de custodia do territorio, admitirase unha valoración estimativa referenciada ás realizadas por institucións públicas.) • Proxecto técnico das obras subscrito por técnico competente (no caso de que o investimento sexa superior a 40.000,000€). • Delegación da sinatura e alcance desta, para o caso de que a documentación necesaria vaia ser asinada por persoas distintas dos titulares da Presidencia e/ou secretaría da entidade. • Solicitude de autorización, se procede, no caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade (art. 29.7.d) Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro, e art. 68 do Regulamento, RD 887/2006, do 21 de xuño) <i>(Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma Subtel)</i>. • Estatutos da entidade solicitante adaptados á lexislación vixente nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente (Deberá achegar unha copia dos estatutos vixentes. Se a entidade solicitante xa constara rexistrada no ficheiro de terceiros da Deputación non será necesaria a entrega deste documento).	

CONCEPTOS DE DESAGREGACIÓN DO ORZAMENTO*
Concepto
(206) Aplicacións informáticas
(210) Terreos e bens naturais
(211) Construcións
(213) Maquinaria
(214) Ferramenta / Utillaxe
(216) Mobiliario (material e equipos de oficina, coa excepción dos que deban figurar na conta 217).
(217) Equipos para procesos de información (ordenadores e demais conxuntos electrónicos).
(218) Elementos de transporte (vehículos, remolques, embarcacións: adquisición, adaptación, rotulación)

(219) Outro inmovilizado material
(623) Servizos profesionais independentes (honorarios topógrafos, notaría, rexistro da propiedade, ... vinculados á adquisición dos terreos)

(*) En cada concepto deberán explicarse os investimentos a realizar

DOCUMENTACIÓN ADICIONAL
Desistencia da solicitude ou renuncia á subvención (<i>De acordo co disposto na Base xeral 7, para a desistencia da solicitude ou a súa renuncia dispón dun documento na plataforma Subtel</i>)

XUSTIFICACIÓN
DECLARACIÓNS E COMPROMISOS DA XUSTIFICACIÓN (dispoñibles en Subtel e que requiren aceptación expresa do solicitante)
- Declaración de que a entidade fixo constar a colaboración da Deputación da coruña en toda a información (impresa, informática, audiovisual) das actividades subvencionables e a inclusión do logotipo da Deputación na páxina web da entidade no caso de existir ésta. - Declaración de que a entidade non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes. - Declaración, no caso de que proceda, de que a entidade RENUNCIA á parte da achega provincial non xustificada (só no caso en que os xustificantes non acaden o importe mínimo a xustificar ou no caso en que a achega concedida, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos pagos executados). - Declaración, no caso de que proceda, de que a entidade presenta a xustificación fóra do prazo establecido e ACEPTA a sanción que corresponde segundo a Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña, así como a compensación do importe da sanción no pago da subvención e declaración de que non presentarán alegacións nin recurso algún ao respecto, por estar conforme coa proposta de sanción (Esta declaración suporá unha redución do 90 por cento do importe da sanción). - Declaración de que a entidade cumpriu o requisito, ao que se refire o art. 31.3 da Lei 38/2003, de solicitar, cando menos, tres orzamentos a tres provedores distintos no caso de que o gasto subvencionable executado por un provedor supere a contía de 40.000,00 € para a realización de obras ou de 15.000,00 € para a prestación de servizos ou adquisición de equipamento. - Declaración de que os gastos presentados como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei Xeral de Subvencións. - Declaración de que a entidade inscribiu o ben no rexistro público correspondente con indicación da subvención obtida e do período da adscrición ás fins previstas, que en ningún caso pode ser inferior a cinco anos (alomenos durante cinco anos máis, no caso de inmoables, ou de dous, no caso de bens inventariables). - Declaración de que a entidade obtivo as licenzas preceptivas e do cumprimento das normas contractuais e urbanísticas que fosen procedentes.

XUSTIFICACIÓN	
DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA	
• Memoria dos investimentos realizados <i>(Para confeccionar este documento dispón dun modelo na plataforma Subtel no que será obrigatorio cumprimentar de maneira clara e concisa todos os seus apartados)</i> • Certificación de gastos realizados <i>(Impreso descargable en Subtel e que se xera automaticamente unha vez cumprimentada a relación clasificada dos gastos realizados)</i> • Certificación de outros ingresos <i>(Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma Subtel)</i> • Declaración exención IVE <i>(Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma Subtel)</i> • Acreditación da difusión dada á colaboración financeira da Deputación Provincial da Coruña a través de calquera medio que permita deixar constancia así como a inclusión do logotipo da deputación na páxina web da entidade no caso de existir ésta. • Reportaxe fotográfica dos investimentos realizados • De conformidade co disposto na Base xeral 4, a entidade deberá achegar as 3 ofertas requiridas e xustificar a súa elección, salvo que esta recaese na máis ventaxosa economicamente. • Acta de recepción ou albarán de entrega <i>(Obrigatorio no caso da execución de obras ou adquisición equipamento)</i> • Certificación de obra/relación valorada asinada por técnico competente <i>(Obrigatorio no caso de obras)</i> • Inscripción da titularidade no rexistro público correspondente <i>(Obrigatorio no caso de adquisición de vehículos)</i> • Escritura pública da adquisición <i>(Obrigatorio no caso de adquisición de bens inmobles)</i> • Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade, segundo o modelo aprobado pola Deputación da Coruña <i>(Para confeccionar este documento dispón dun modelo obrigatorio na plataforma Subtel)</i> • Certificado acreditativo da titularidade da conta emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente. Deberá conter, como mínimo os seguintes datos: · a identificación da entidade bancaria · o código IBAN da conta · o código Swift ou BIC cando sexa necesario · os datos identificatorios do titular da conta: NIF, nome e apelidos/denominación social	

Terceiro.- Dispoñer a publicación das bases deste programa no BOP.

Cuarto.- Dar conta desta resolución na próxima reunión da Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.